



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

ANUNCIO: DELEGACIÓN DAS FUNCÍONS DA ALCALDÍA DURANTE OS DÍAS 31 DE AGOSTO AO 6 DE SETEMBRO NO PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE POR AUSENCIA.

Faise público que por Decreto da Alcaldía 808/2026, do 24-08-2026, acordouse o seguinte:

“DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: DELEGACIÓN DAS FUNCÍONS DA ALCALDÍA DURANTE OS DÍAS 31 DE AGOSTO AO 6 DE SETEMBRO NO PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE POR AUSENCIA

EXPEDIENTE: 2026/G003/000835

Por ausentarme da Alcaldía durante os días 31 de agosto ao 6 de setembro de 2026, de conformidade co disposto no artigo 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no artigo 63 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; e no artigo 47 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, en esta data ACORDO:

PRIMEIRO. Delegar as funcións da Alcaldía durante os días 31 de agosto ao 6 de setembro de 2026 no 1º tenente de alcalde, D. Sergio Caamaño Fernández.

No suposto de producirse a vacante, ausencia ou enfermidade do anteriormente indicado, as referidas funcións pasarían automaticamente aos demais tenentes de alcalde, segundo a orde de nomeamento.

No suposto que a abaixo asinante alcaldesa se reincorporase ás súas funcións antes de ter transcorrido o período expresado no apartado núm. 1 da parte resolutiva deste Decreto, a presente delegación quedaría automaticamente revogada.

SEGUNDO. Que as resolucións administrativas que se adopten no exercicio desta delegación, se notifiquen ao interesado con indicación de dita circunstancia.

TERCEIRO. Notificar o presente Decreto ao interesado, procedéndose a súa publicación no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia, dándose conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial ante min, a secretaria accidental, que asino aos únicos efectos de fe pública.”

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial.